

ARTE



Exposición 'Con Daniel en el Pórtico' de Acisclo Manzano, na sala de arte de EL CORREO GALLEGO

A.H.

O sorriso de Daniel baixo o prisma do artista Acisclo Manzano

Todo o mundo coincide no espectacular cambio de imaxe da sede central de EL CORREO GALLEGO (como anécdota cómpre sinalar que nos primeiros días do cambio unhas monxiñas seguiron para diante ó non encontraren o 'antigo' xornal). Unha esmerada selección de artistas, realizada por Pilar Corredoira, están elevando con cada nova exposición o nivel desta sala.

Os que acceden ó edificio por esta antesala da súa moderna Redacción encontraranse cun curioso pórtico, por desgracia efémero, que, salvando as distancias, recrea o que o gran mestre Mateo ideou para a basílica compostelá. Curiosamente, este nártex está representado por unha única imaxe; a de Daniel en diversas variantes, só acompañado nunha ocasión pola fermosa raíña Esther, e diferenciándose dela na cor á maneira das antigas civilizacións.

O sacro non é a primeira vez que aparece na obra de Acisclo Manzano (Ourense, 1940). O seu primeiro traballo de temática relixiosa foi un Cristo feito por encargo. Actualmente non é necesario que unha institución lle suxira a temática porque todo o relacionado coas forzas ocultas e misteriosas do invisible convoca a alma do artista que, aparentando un certo agnosticismo teórico, roza constantemente o espiritual tanto na súa vida como na súa obra.

Lonxe de caer na mediocridade representando historias alusivas á vida do profeta Daniel, como a que o sitúa no foxo cos leóns, ou xulgando a castidade de Susana, Acisclo repudia e deixa á parte as citadas pasaxes bíblicas coa idea de que o artista auténtico ten por misión representar unha interioridade ata entón non visible. Se fose doutra maneira, di, sería simplemente unha arte documental.

A elección do tema non foi casual. O sacro está precisamente indicado por acende-la chama, a calor que ó artista lle causa todo o relacionado coa plástica

medieval. Interésalle ó ourensán describir todo menos calquera trazo tanxible; só a conmoción interior. Esa sensación que expíremta o espírito ante algo especial. Fálase moito da conexión entre o que se contempla e o que un é. Acisclo Manzano ten sensibilidade polas forzas esotéricas emanadoras de fontes enerxéticas. Hai algo nel que arela penetrar e investigar no profundo e esencial da mente; no intuitivo sobre o racional. Esas tinguiduras de cor sobre as súas pezas representan o instintivo, as formas profundas do inconsciente.

O Daniel de Acisclo, como outros moitos dos seus coñecidos torcos (Acisclo é o escultor típico do torso feminino), alóngase en suxestivos contornos investigando coas formas corporais que gañan en espazo e retorcéndose en composicións un tanto manieristas polas súas viraxas en elicoidal. A coxa, sempre tan insinuada ou atravesada por finos pannels fidiacos, ou o tronco corporal forman orografía xeo gráficas próximas ás ondulacións suaves da paisaxe ourensá. Outras veces o profeta queda reducido a puro rostro estirado na súa face á maneira de Berrugete ou da continuidade no espazo de Boccioni.

Do que nunca prescinde é do inefable sorriso do profeta, o prototipo do cal aparece historicamente representado con faciana tranquila e suave, tez roxa e mirada serena. A imaxe de xuventude e infancia reducida a risa, que tanto seduciu ós infinitos seguidores de Rosso, queda aquí atenuada nunhas formas máis abstractas e debedoras do organicismo.

Acisclo Manzano fixo da arte a súa linguaxe emotiva; traduciú un tema para que o espectador restabeza todo o que falta pretendendo facer senti-la emoción experimentada polo autor cando observa a natureza sagrada e mítica do personaxe.

Unha vez máis, coas súas pezas, Acisclo evoca obras do pasado como xa

fixo coa súa versión contemporánea da Victoria de Samotracia ou outras imaxes extraídas do rico repertorio do Pórtico da Gloria —polo que sente paixón—, vendo nelas algo que anhela o máis profundo e esencial do espírito.

A inspiración de Acisclo é froito dun relampo. A idea chégalle case de súpeto, sen pensalo. Non é resultado de longas xornadas de traballo. El di que non traballa tanto como un obreiro. Crea coa forza asoballadora da súa mente. É o mestre do bosquejo, ese que xorde cando as musas lle son propicias e é unha mestura harmónica de inspiración, anos de investigación e fluxo constante de novas ideas.

Unha enorme coherencia foi unindo, como elos fortemente soldados, as diversas estapas polas que pasou a obra deste escultor. Durante moitos anos percorreu e entrou en contacto con diversas culturas, interesándose en especial pola clásica; de todas elas extraeu elementos importantes para incorporar á súa obra, como a luz e a policromía, cada día máis presente no traballo deste ourensán singular.

A súa obra está representada en importantes coleccións estranxeiras (quizais máis, por increíble que pareza, que nas propias), e moitos críticos de prestixio eloxiaron sen reservas o seu traballo caracterizado polo intimismo, que invita á caricia e vai perdendo materialidade ó avanzar no espazo.

Moitas pezas de Acisclo rompen, pero non importa; ó revés. Todo é relativo, porque esas pezas o autor valóraas máis. As que expón no marco deste periódico sorrín coa maioría de noticias, moitas delas cargadas de tristeza que choran fronte ó mundo. Son como un aceno. O riso, como lle parecía a Rosso, é a cousa máis seria do mundo. E Acisclo fainos pensar nunha obra moi seria a través dun sorriso. Neste caso, de Daniel.

Fátima Otero

CINE

Mágoa de orzamento

Coa cantidade de mozas e mozos que gardarán nun caixón unha historia fermosa, de directores que nunca contaron coa oportunidade de dirixir a un actor decente e de produtores que se empeñarían para poder dar vida a unha película, e velai teñen nas súas pantallas unha película imbécil, de acción baleira, de humor estúpido, protagonizada por Robert de Niro e Eddie Murphy.

'Showtime' é das películas que non merecen nin unha liña. É unha absoluta inutilidade. Lembrando ó gran Joaquín Vidal, quen, a pesar de que eu non sinto afección polos touros, foi capaz de me enganchar ás súas crónicas, este tipo de películas serían as equivalentes ós toureiros "pegapases", chapuzas que se emborriachan mareando ó touro a bases de pases, coma se iso fose tourear, conseguindo, segundo o magnífico escritor, acabar coa esencia desa arte e coa afección. Pois saltando ó cine, o mesmo: películas para mata-lo tempo, mal matado, aburrindo, producindo acción inxustificada, lume sen lapa, situacións sen gracia, pases e máis pases, sen unha miga de arte nin historia nin emoción nin gracia.

Tal vez a película pretendía ridiculizar o estilo de programas que se levan na tele, esas retransmisións en directo da vida tal cal, escollendo unha parella de policías en Los Angeles, pero o que en realidade logra é aburrir sen descanso, crear no espectador a mala conciencia por estar perdendo o tempo con tan obtusa e sosa película: co bo tempo que vai fóra, e un nunha sportando as mocas anónimas de Murphy; coa de libros que se acaban de publicar, e un preguntándose por que maldita razón Robert de Niro acepta ultimamente todo canto lle poñen diante dos ollos; coa de bosques e lugares fermosos á beira dos ríos para percorrelos en silencio, e un vendo esbourar coches e camiões polos aires sen ton nin son; coa de persoas que nos poderían achegar un diálogo substancial e agradable, e un escoitando parlamentos sen o máis mínimo sentido nin fundamento... E por enriba o mafioso de quenda ten que se chamar Vargas.

En fin, se esta película se presentase coa firma dunha produtora e un director español, ou europeo, e non contase con actores coñecidos, non resistía —xa non se produciría, clarónas pantallas nin unha semana. Como vén de onde vén, igual aguanta dúas ou tres.

O dito: coa de creadores que darían media vida por filmar unha historia de verdade, e aí teñen a "estes" gastando en producir nada. Mágoa de orzamento.

Miguel Suárez Abel